

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 31 de xaneiro de 2003, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación das actas anteriores núm: 15/02 e 16/02, correspondentes ás seguintes sesións: extraordinaria celebrada o día 4 de decembro e ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2002.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 20.800 de 2002 deica a núm. 399 de 2003.

Cooperación e Asistencia ós Concellos

- 3.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e da Rede viaria local, anualidade 2003.
- 4.- Aprobación da anualidade 2003 do Programa operativo local 2000-2006 e do seu Plan complementario.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 5.- Aprobación das Bases reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003.

Vías e Obras

- 6.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2003, 1ª fase.
- 7.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abranguidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 7603 do P.K. 0,000 deica o 5,000.
- 8.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abranguidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 7901 de Chores ó lugar de Cruz.

9.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 3203 do P.K. 0,000 deica o 6,375 de Burricios a Penamartín.

10.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P.3203 do P.K. 6,375 deica o 12,750 de Burricios a Penamartín.

11.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 1004 do P.K. 0,000 deica o 6,000 de Lanza a Boimorto.

12.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas na E.P. 7401 Urdilde a Antequera, variante Quintáns.

13.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 7601 do P.K. 0,000 deica o 5,350 da Cruz de Lamestra a San Sadurniño.

14.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 7601 do P.K. 5,350 deica o 9,840 da Cruz de Lamestra a San Sadurniño.

15.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 7603 do .K. 5,000 deica o 8,000.

16.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 7603 do P.K. 8,000 deica o 10,500.

17.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 1104 Boiro a Ponte de San Francisco, P.K. 1,500 deica o 7,500.

18.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 6801 da Campara a Corme por Brantuas.

19.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P.3608 desde o P.K. 0,000 ó 1,000 Feira do Dous Serantes a Doniños.

20.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 0106 de Ameas a Oza dos Ríos desde o P.K. 4,000 deica o 8,600.

21.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para executar as obras abrangidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 3606 de Cobas a San Xorxe.

Cultura, Deportes e Xuventude

22.- Concesión dunha subvención nominativa á Comunidade de usuarios de auga de Corrubedo para a realización dun “Monumento ós náufragos”.

Persoal, Réxime Interior e Informática

23.- Modificación de Convenio colectivo do persoal laboral.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de XANEIRO DE 2003**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE XANEIRO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de xaneiro de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE

DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Se excusa a Sra. Candocia Pita.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES NÚM: 15/02 E 16/02, CORRESPONDENTES ÁS SEGUINTESES SESIÓN: EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE DECEMBRO E ORDINARIA CELEBRADA O 30 DE DECEMBRO DE 2002.

Apróbanse as actas anteriores, núms: 15/02 e 16/02, correspondentes ás seguintes sesións: extraordinaria celebrada o día 4 de decembro, e ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2002.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 20.800 DE 2002 DEICA A NÚM. 399 DE 2003.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 20.800 de 2.002 deica a núm. 399 de 2.003.

3.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL, ANUALIDADE 2003.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Para efectos do debate, e como queira que se trata ademais da aprobación de tres instrumentos de cooperación dirixidos, aínda que en fases diferentes, porque nuns casos aprobamos as bases e noutros o que se aproba é xa a concreción do plan definitivo, o noso grupo quere unificar para efectos do debate estes tres puntos, na medida en que imos a manter á hora de votación similar. Tamén temos certo interese en que se engloben, sobre todo tendo en conta que vai ser este pleno a última ocasión na que imos poder debater esta corporación a articulación destes instrumentos de cooperación, refírense ás anualidades deste ano e polo tanto ata o ano que vén supoñemos nosoutros que non se vai volver a debater este tema, sería, neste senso, case case lamentable que non se fixera, para efectos do posicionamento, unha lectura de cál foi a conclusión de todo este traballo dos catro anos. Pero en calquera caso tamén avanzo que vou ser moi breve.

Recordará o presidente e as compañeiras e compañeiros de corporación que unha das primeiras iniciativas que presentou o noso grupo que a comezos desta lexislatura, que era en certa maneira reiteración doutras anteriores, foi intentar dar un salto cualitativo no aspecto do que é a planificación, no aspecto do que é a racionalización dos instrumentos de cooperación que se manexan nesta casa, e camiñar na liña de algo sobre o que aparentemente todos coincidíamos pero que despois na práctica parece que, polos resultados, non foi así. A idea, máis ou menos, eu creo que estaba captada cos criterios de pór interese en que se producira a maior concreción no que se refería á convocatoria de plans provinciais, a maior unificación posible dentro dos diversos plans que viñan existindo nesta deputación, e tamén a maior coordinación, se fora posible, coa propia Administración autonómica, que tamén ten instrumentos de cooperación dirixidos ó mesmo fin.

Eu creo que no primeiro, que é a necesidade de englobar o máis que se puidera os instrumentos de cooperación, creo lembrar que as palabras da maioría dos grupos, eu diría practicamente que mesmo tamén a do grupo gobernante, nese debate que tivemos respecto á nosa moción, que por certo nunca se efectuou na práctica, aínda que había como un compromiso de facer unha especie de mesa de debate para consensuar as propostas que tiña o BNG ou outras diferentes e nunca se realizou, polo tanto neste aspecto nosoutros facemos unha valoración negativa de que coincidindo na teoría sobre de que había que facer ese traballo de tender á unificación, na práctica os resultados foron outros. E os resultados foron outros porque, como ben se di nos documentos adxuntos ós orzamentos deste ano de 2003, que debatemos hai un mes e pouco tempo, esta institución, a deputación da Coruña mantén nada máis e nada menos que 14 instrumentos diferentes entre plans e programas dirixidos ó mesmo fin, que é a colaboración para cooperación local cos concellos da nosa provincia. Digo isto porque temos aquí no punto 3 e 4 tres plans que se calquera le en qué consisten as bases en torno as que se convocan e o contido deles, darase conta de que estamos diante de tres instrumentos diferentes para un mesmo fin, que é a cooperación cos concellos da nosa provincia en obras, infraestruturas e equipamentos básicos, tanto no Plan

de obras e servicios, que é obxecto do debate do punto número 3, que xa veñen as obras concretas, como o número 4, que é o programa operativo local, coma o número 5, que foi unha das novidades desta lexislatura, o Plan de infraestructuras locais e transporte e travesías municipais, do que hoxe imos aprobar as bases da súa segunda anualidade, son tres instrumentos dirixidos a un mesmo fin, que perfectamente poderían e deberían ademais nesa liña de coincidencia en que hai que racionalizar e que hai que procurar coordinar os instrumentos de cooperación, deberían de estar convocados conxuntamente, non ten ningún tipo de explicación que un concello poida dirixir unha mesma obra, e isto é así no punto número 3, no número 4 e no número 5, é dicir, unha mesma obra pode facela a través de tres plans que veñen hoxe aquí, porque aínda hai algúns que aínda non viñeron. Por outra parte, estamos diante de tres plans que ademais teñen unha regulación singular cada un deles. Entre tanto o Plan provincial de cooperación ás obras e servicios municipais, o que tradicionalmente coñecemos como o Plan de obras e servicios, o punto número 3 ten uns criterios de reparto e uns criterios de articulación do que son os fondos que esta deputación lle dá ós concellos, que nosoutros dixemos que quizais conveña revisar, pero que en calquera caso eran uns criterios que estaban aí, que se poden palpar, que hai unha base material en torno a de onde sae o diñeiro que vai para concellos, o punto número 4, por exemplo, que é o Plan operativo local, xa sabemos como se articulou: cunha chamada a tódolos concellos para que pediran obras, cunha listaxe de obras que aprobou despois esta deputación, unha especie de memoria de obras, e despois cun criterio que se aplica en torno á maioría absoluta que se dispón nesta deputación, que é incluír unhas obras si e outras obras non, sen que saibamos, partindo mesmo do criterio de que todas as obras deberían estar, por que nalgúns casos figuran unhas obras e outras non. E no punto número 5, que é a aprobación das bases reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais, pois outro tanto do mesmo, poderíamos reproducir aquí, pero non o vou facer, o que xa dixemos hai xustamente un ano, no senso de que se este é un plan dirixido a que os concellos poidan mellorar a súa rede interna de vías, de camiños, ou de rúas, loxicamente este tipo de obras tamén se pode facer a través do plan de obras, e ademais que non coincidimos e seguimos discrepando cos criterios de distribución que se fixeron para o Plan de travesías. Teño que lembrar aquí que foi obxecto de debate singular, e non escoitei, o noso grupo non escoitou, voces que rebateran a nosa afirmación no noso senso de que na aplicación dos criterios de distribución no Plan de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais había un criterio que era enganador e que ademais leva a situacións raras, que era a aplicación do criterio de número de parroquias cando nosoutros pensabamos que, loxicamente, nunha provincia coma a nosa, que ten 13.000 núcleos de poboación dispersos, había que tender a que ese criterio pesara máis, ¿por que? porque a aplicación do número de parroquias e non dos criterios de poboación daba lugar a situacións onde, efectivamente, concellos que teñen unha distribución parroquial de tres parroquias pero que teñen trinta e pico núcleos de poboación vense desfavorecidos polo que é evidente que levar unha rede de sumidoiros a un núcleo de poboación é moito máis custoso que facelo nun núcleo que está moitísimo máis poboado.

Entón neste senso, e xa como conclusión xenérica, nosoutros pensamos que o balance de todo o que aquí debatemos, e desde logo eu creo que non foi en absoluto por falta de interese polo que lle corresponde ó noso grupo, falta de interese e por abrírnos e por ofrecernos a que se non eran as propostas que facía o BNG, que foran as propostas que facían outros grupos, pero que si fóramos quen de sentarnos nunha mesa e ver de coordinar, de unificar, e desde logo non de diversificar. O resultado destes catro anos é que se ben resolvemos un tema que tiñamos aquí que pesaba como unha lousa, que era o tema dos modificados, é certo que no tema dos instrumentos de cooperación local seguimos igual, ou case peor, porque desapareceron uns programas pero apareceron outros. Polo tanto para nosoutros, o balance é negativo, coincidimos na teoría, pero despois non aplicamos os criterios na práctica, e o resultado final de catro anos é que esta Deputación da Coruña non avanzou en absoluto nada na racionalización dos instrumentos de cooperación.

Neste senso, e nese criterio tamén de unificar o senso do voto, por razóns diversas, porque nun caso hai maior diferenza cos criterios que se están utilizando para elaborar o plan, refírome concretamente ó Plan XXI de infraestructuras; noutro caso non é que haxa coincidencia nin discoincidencia porque non hai criterios, que é o Plan operativo local; e noutro caso, que é o punto número 3, naturalmente somos favorables a que o plan histórico da Deputación da Coruña teña un efecto, non soamente simbólico, senón exemplificador, é dicir, se temos un plan onde pode haber uns criterios que sirvan para todo o mundo, ¿por que ese plan non o utilizamos para englobar ós demais, e inventámonos despois plans que o que fan é descompensar os criterios obxectivos que temos neste?, o plan de obras e servicios, pode ser discutible, pero teñen criterios obxectivos, pero ¿de que vale un Plan de obras e servicios con criterios obxectivos, con cinco plans, rede viaria local, Plan operativo local, Plan de infraestructuras, que despois desequilibran os criterios obxectivos que aquí aprobamos.

Polo tanto, baixo o noso punto de vista, ese é o balance global que se pode facer da política de planificación, por encima dos números, por encima dos números, e fago esa reflexión porque, evidentemente, aquí non imos dicir que non vaian obras que supoñen moito diñeiro e que son necesarias de facer, pero os efectos da planificación, ou da programación, como se queira chamar, que é o vello debate que temos aquí, que tampouco substanciamos despois de catro anos, pois non son, desde logo, todo o correctos que tiñan que ser.

Neste senso, e termino, o noso voto tanto no punto número 3, número 4 e número 5 vai ser de abstención. Moitas grazas.

Sr. Varela Rey

O que formula o voceiro do BNG é máis un aspecto de carácter estrutural sobre o tema da planificación desta deputación. Eu creo que non coincidimos nese senso no que fomula, e por sintetizar, parécenos que non tódolos plans son iguais, non tódolos plans teñen a mesma finalidade, non tódolos plans teñen o mesmo destino, e que en todo caso, o feito de que un concello poida facer unha mesma obra a través de dous ou tres plans, o interrogante podería caber se iso é bo ou malo, é dicir, é un recurso que ten cada concello, que pode ter calquera tipo de adaptación dentro de calquera plan.

Por outro lado, manifestar que ó non ser tódolos plans dirixidos a un mesmo obxectivo, ó non ser homoxéneos o que non parece prudente ou oportuno é facer un único, desde o punto de vista da institución provincial. E por outro lado, manifestar que en calquera dos puntos, tanto o que é o PSOE, como a Rede viaria local, como o POL, un VIP ou o Plan XXI de infraestruturas, ou o de Turismo da natureza, calquera dos plans que se están aplicando na deputación seguen permanentemente os mesmos criterios de obxectividade, e falando do tema do Plan XXI, hai catro aspectos que se sinalan perfectamente definidos, como é a poboación, como é a superficie, como son os quilómetros de vías de cada concello, como o número de parroquias, e podería haber unha situación casuística nalgún dos apartados, pero que creo que é perfectamente correxible, ó non ser un único criterio, ó haber máis dun criterio, e polo tanto que quedaría compensada nese senso. Son aplicacións de criterios obxectivos, e en todo caso, a maior parte deles son propostas de carácter técnico.

E falando do POL, practicamente se están incluíndo tódalas peticións formuladas desde tódolos concellos. Eu creo que nese senso, entendendo que todo é mellorable, evidentemente, e que poida haber, se é o 15% nalgún dos apartados, o se é o 12%, pero eu creo que as propostas que se están facendo en calquera dos plans que sometemos hoxe a consideración desta corporación, entendemos que responden a criterios obxectivos, a criterios técnicos, e a criterios de xustiza de reparto e distribución. Moitas grazas.

(Sae o Sr. Rey Moreno).

Sr. Rodríguez Doval

Sen ánimo de reabrir o debate, aínda que me gustaría que nun prazo tan longo como catro anos se dera o debate. Eu voume, efectivamente, frustrado, ¿por que non recoñecelo?, de que neste período tan longo de tempo non houbera debate sobre isto, porque os debates aquí son como os efectos das guerras de agora: colaterais, nunca hai un debate a fondo. Entón, a nosoutros gustaríanos que, coa fórmula que diga o grupo de goberno, coa fórmula que diga o PSOE, coa fórmula que diga o BNG, ou coa fórmula que digan mesmo os servizos técnicos desta casa, déase un debate a fondo, pero eu animo a que se revisen as actas daquel debate que nosoutros intentamos que se dera aquí, onde todo o mundo dicía:

“si, si, sentarémonos, non hai problema, e tal”, ben, non hai problema pero o certo é que as palabras de hoxe do portavoz do PP creo que esconden que non se quere entrar no fondo, é un debate estrutural, claro que é un debate estrutural, non sei por que temos medo a falar de política aquí, de política no senso máis amplo, no senso máis operativo, porque iso é política, o debate estrutural, para que existe esta institución, se esta institución que manexa tantos cartos, que os dirixe a un mesmo fin, non dá un debate estrutural, a min que me borren, é dicir, eu creo que non é serio. Claro que é un debate estrutural; e eu creo que sería un debate non soamente necesario, senón moi urxente, porque senón, estamos no de sempre, e digo isto tamén ó fío de cousas que se falaron noutros lugares.

En calquera caso si que lle quero lembrar ó Sr. Varela que as súas palabras son orientativas, pero non son moi precisas. ¿Nos diversos plans os criterios son obxectivos? Nuns casos son criterios obxectivos, noutros casos son criterios discutibles, vostede mesmo o dicía, no Plan de infraestructuras viarias son discutibles, ó mellor habería que meter un factor corrector, é que nosoutros xa o dixemos o ano pasado, e vostedes veñen aquí este ano coas mesmas bases, porque outra cousa sería se estivesemos falando de algo que xa está inventado, pero levamos dous anos..., e é unha boa ocasión hoxe ¿non si? se hai que correxir, pero non se me diga neste foro que ó mellor hai que correxir algo e non me diga iso quen me trae o mesmo que me traía o ano pasado; ¿hai que correxilo? corríxase; ponderen vostedes, por exemplo, o factor de dispersión de poboación e existencia de núcleos en cada un dos concellos. Pode haber criterios obxectivos e criterios modificables; o que non debe de haber é non criterios; e no Plan operativo local non hai criterios. Se vostede me di que meten vostedes dunha listaxe que o que lle pediron ós concellos, non digo que non, pero se vostede cotexa a cantidade que lle sae a algún concello, e intenta vostede explicar iso, se é por número de habitantes, se é por número de parroquias, se é por necesidades e tal, iso, ese apartado de explicación, vai quedar en branco en moitos casos, e a nosoutros non nos gusta que ese apartado quede en branco.

Despois, vostede pense que o que se mete no Plan operativo local pódese incluír perfectamente no Plan de obras e servicios, eu vexo camións compactadores, vexo pequenos saneamentos e iso tamén o vexo no Plan de obras e servicios, e ¿que é o que vexo no programa de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais? cousas que tamén vexo no Plan de obras e Servicios que meten moitísimos concellos. Entón, ¿se é bo ou se é malo? nosoutros contestamos á pregunta: é bo que se unifique e é bo desde o punto de vista de quen goberna unha institución coma un concello, porque sabe que ten unha partida específica cada ano, que non ten que facer corenta mil convocatorias, estar pendente de corenta mil prazos e de corenta mil proxectos; fai unha ; iso é racionalización, iso é coordinación dos instrumentos de cooperación local. Se quen ten nas súas mans a posibilidade de que isto se faga así que é a deputación, non o fai, os concellos, naturalmente, guíaranse por cinco convocatorias, por doce prazos, etc., etc. Pero estou falando do debate de aquí ¿podemos nosoutros e debemos de facelos?, nosoutros á pregunta que facía

vostede, se é bo ou é malo, dicimos: é malo, que existan tantos instrumentos é malo, porque o diñeiro, ó final, facer un instrumento de cooperación non significa reducir o diñeiro, coidado, se ese non é o debate, senón que significa unificar os procesos, que é do que estamos falando aquí, do problema, como di vostede, estrutural, claro que é un problema estrutural, tamén hai que resolver aquí os problemas estruturais, e esa era a proposta que nosoutros fixemos hai catro anos, que seguimos facendo aquí, e que ó mellor haberá que seguir reclamando, seguramente en mellores circunstancias despois das eleccións do vindeiro mes de maio, pero en todo caso é un problema que non resolveu esta corporación e, por iso dicíamos, porque tamén sería tremendo que nos fóramos de aquí e non tiveramos a mínima capacidade de crítica, polo menos pola parte do BNG queremos tela. Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu para o seu coñecemento quixera facer unha observación sobre o POL, o POL non podemos englobalo nese plan xenérico que vostede di, porque o POL, por imperativo legal, ten que levalo directamente esta institución, e ten que contratar esta institución, vostede ben sabe cál é a vontade desta institución en delegar nos concellos todo o que sexa posible, polo tanto, iso non é posible, polo tanto, nese caso creo que está vostede plenamente errado.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG; 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación relativos á anualidade 2003 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron solicitados e remitidos polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en agosto de 2002.

Vista a documentación presentada polo Concello de Malpica de Bergantiños, na que se inclúe a obra "Captación e fornecemento de auga en Buño", que non ten toda a súa documentación administrativa completa, polo que se modifica a súa proposta no senso de excluír esta obra do Plan base, e incluíla no Plan complementario, xunto coa outra obra proposta, de forma que non se produza unha minoración da subvención asignada, que

poderá recuperarse a través do correspondente Plan adicional ó do ano 2003, que se aprobará máis adiante, unha vez completada toda a documentación necesaria.

Vistos os proxectos e demais documentación das obras que se van incluír no apartado de RVL.

E tendo en conta o establecido no R.D. 1328/97, do 1 de agosto, desenvolvido por Orde de 7 de maio de 1998:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e de Rede viaria local do ano 2003, co resumo de cifras globais das seccións de POS e RVL que se indica a seguir e coa relación de obras que figura nos anexos 1 e 2 a este acordo.

				POS + RVL 2003					
SECCIÓN	ADMÓN.	PARTIDA	CONSIGNACIÓN	FINANCIAMENTO DO PLAN ELABORADO					
	CONTRATANTE		PARTIDA	MAP	DEP. PREST.	DEP.-F. P.	TOTAL ORZADO	CONCELLO.	TOTAL
POS	Conceello	0501 / 911A / 76240	20.000.000	3.327.683,8	8.598.090	8.048.269,8	19.974.043,6	2.879.315,8	22.853.359,5
RVL	Deputación	0501 / 511B / 60144	1.803.040	601.012,3	0	1.200.005,2	1.801.017,3	0	1.801.017,3
TOTAIS				3.928.695,9	8.598.090	9.248.275,0	21.775.060,9	2.879.315,8	24.654.376,8

2.- Aprobar o Plan complementario ó presente plan, no que se inclúen as obras que se relacionan no anexo 3 a este acordo. Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo ós remanentes que se puideran orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poden aprobar, de forma que queden condicionados a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

3.- Aprobar os correspondentes proxectos.

4.- A contratación das obras novas solicitadas polos concellos para a súa inclusión no POS 2003 realizarana os respectivos concellos.

A contratación das obras incluídas na sección de RVL realizaraa a deputación.

5.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

- 6.- Remitir o expediente a informe do subdelegado de Goberno en Galicia para os efectos dispostos no artg. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.
- 7.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.
- 8.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.
- 9.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

POS - RVL 2003								
Expediente de aprobación do Plan de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e rede viaria local (POS - RVL 2003)								
Anexo I: Obras do Plan de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal								
CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	Tipo de obra	MAP	DEP-PREST.	DEP. F.P.	CONCELLO	TOTAL
ABEGONDO	03.2100. 0001. 0.	BEIRARRÚAS EN MEANGOS	51023	8.523,62	21.750,51	22.477,94	2.776,43	55.528,50
	03.2100. 0002. 0.	BEIRARRÚAS EN MABEGONDO	51023	9.207,32	23.495,15	24.280,91	2.999,13	59.982,51
	03.2100. 0003. 0.	ACD. CM. MEANGOS, CRENDES, VIZO/O	51021	4.740,72	12.097,32	12.501,89	1.544,21	30.884,14
	03.2100. 0004. 0.	ACD. CM. LEIRO, PRESEDO, ORTO E O.	51021	8.879,75	22.659,28	23.417,10	2.892,43	57.848,56
	03.2100. 0005. 0.	ACD. CM. LEIRO, FIGUEROA, ORTO E O.	51021	4.836,21	12.341,00	12.753,73	1.575,31	31.506,25
		TOTAL		36.187,62	92.343,26	95.431,57	11.787,51	235.749,96
AMES	03.2100. 0006. 0.	AB. AUGA COSTOIA-MONTECELO	51022	7.582,68	19.349,42	19.960,49	2.505,99	49.398,58
	03.2100. 0007. 0.	SAN. AB. PUNXEIRAS ALTAS E O.	44012	4.224,01	10.778,80	11.119,20	1.395,99	27.518,00
	03.2100. 0008. 0.	PAV. NÚCLEO QUISTILANS	51021	4.318,70	11.020,42	11.368,45	1.427,28	28.134,85
	03.2100. 0009. 0.	AB. SAN. NÚCLEO QUISTILANS	51022	8.342,01	21.287,06	21.959,31	2.756,94	54.345,32
	03.2100. 0010. 0.	SAN. AB. E PLUV. COSTOIA	44012	4.988,09	12.728,57	13.130,55	1.648,51	32.495,72
	03.2100. 0011. 0.	EMPEDRADO EN COSTOIA	51023	6.619,71	16.892,12	17.425,58	2.187,74	43.125,15
	03.2100. 0012. 0.	AB. AUGA MOURIGADE	51022	5.056,64	12.903,48	13.310,97	1.671,16	32.942,25
	03.2100. 0013. 0.	AB. AUGA FRAML	51022	7.250,17	18.500,91	19.085,17	2.396,10	47.232,35
	03.2100. 0014. 0.	AB. AGUA BARREIRO	51022	4.467,44	11.399,99	11.760,23	1.476,21	29.103,87
		TOTAL		52.489,45	134.860,77	139.119,95	17.465,92	344.296,09
ARANGA	03.2100. 0015. 0.	PAV. R/ARANGA E MUNIFERRAL	51023	5.713,98	14.580,89	15.068,53	1.861,23	37.224,63
	03.2100. 0016. 0.	PAV. RÚAS CAMBAS	51023	5.381,78	13.733,18	14.192,47	1.753,02	35.060,45
	03.2100. 0017. 0.	CONDUC. AUGA PQ. CAMBAS-VILLARRASC	51022	6.597,62	16.835,76	17.398,82	2.149,06	42.981,26
	03.2100. 0018. 0.	REDE SUMID. FEÁS 1-F	44012	10.535,98	26.885,63	27.784,79	3.431,92	68.638,32
		TOTAL		28.229,36	72.035,46	74.444,61	9.195,23	183.904,66
ARES	03.2100. 0019. 0.	SANEAMENTO CERVAS 2-F	44012	18.399,13	46.950,75	48.520,98	5.993,20	119.864,06
		TOTAL		18.399,13	46.950,75	48.520,98	5.993,20	119.864,06
ARTEIXO	03.2100. 0020. 0.	DOT. SAN. TERMO MUNICIPAL	44012	5.382,25	13.734,37	13.738,81	2.208,07	35.063,50
	03.2100. 0021. 0.	APERT. PAV. EM-022 LOUREDA-CEMENT.	51023	9.200,57	23.477,93	23.485,51	3.774,54	59.938,55
	03.2100. 0022. 0.	PAV. EM-141 EN P/IEIRO	51021	4.518,65	11.530,65	11.534,36	1.853,78	29.437,44
	03.2100. 0023. 0.	PAV. NÚCLEOS SUSO-CEPO	51021	7.280,99	18.579,56	18.585,57	2.987,03	47.433,15
	03.2100. 0024. 0.	PAV. NÚCLEO BAER	51021	7.439,93	18.985,15	18.991,27	3.052,24	48.468,59
	03.2100. 0025. 0.	PAV. EM-39 EN GALO	51021	3.695,31	9.429,67	9.432,72	1.516,01	24.073,71
	03.2100. 0026. 0.	PAV. EM-400 E EM-401 EN PEDRA-FRAGA	51021	6.054,78	15.450,54	15.455,54	2.483,98	39.444,84
	03.2100. 0027. 0.	PAV. EM-044,EM-149 PEDRA-RÚA	51021	9.225,31	23.541,07	23.548,67	3.784,70	60.099,75
	03.2100. 0028. 0.	PAV. NÚCLEO CANCELO	51021	9.217,09	23.520,10	23.527,70	3.781,32	60.046,21
	03.2100. 0029. 0.	SAN. ZONA DOS OLMOS	44012	4.471,97	11.411,53	11.415,21	1.834,63	29.133,34
		TOTAL		66.486,85	169.660,57	169.715,36	27.276,30	433.139,08
ARZUA	03.2100. 0030. 0.	MELL. AL. PUBL. R/SANTIAGO-N-547	43007	9.207,69	23.496,12	24.281,92	2.999,25	59.984,98
	03.2100. 0031. 0.	CM. BOENTE-FIGUEROA E O.	51021	8.444,95	21.549,76	22.270,47	2.750,80	55.015,98
	03.2100. 0032. 0.	CM O PAZO-CASTROMIL E O.	51021	8.267,50	21.096,94	21.802,51	2.693,00	53.859,95
	03.2100. 0033. 0.	REP. BEIR. CANALIZ. R/NOVA E O.	51023	6.813,82	17.387,45	17.968,95	2.219,49	44.389,71
	03.2100. 0034. 0.	REP. BEIR. CANALIZ. R/PADRE PARDO	51023	9.147,38	23.342,20	24.122,84	2.979,61	59.592,03
	03.2100. 0035. 0.	CM. CASTROMIL A CR. BOIMORTO Y O.	51021	8.304,04	21.190,18	21.898,86	2.704,90	54.097,98
		TOTAL		50.185,38	128.062,65	132.345,55	16.347,05	326.940,63
BAÑA, A	03.2100. 0036. 0.	URBZ. PRZ. SEOANE E CONTORNO L.SOC.	43533	7.249,08	18.498,13	19.116,78	2.361,26	47.225,25
	03.2100. 0037. 0.	SANEAMENTO PAV. A RIBA	44012	7.159,91	18.270,60	18.881,64	2.332,22	46.644,37
	03.2100. 0038. 0.	SANEAMENTO PAV. LI/ARES	44012	6.782,83	17.308,38	17.887,25	2.209,39	44.187,85
	03.2100. 0039. 0.	PAV. V. PUBL. RIBA, MENLLE E VILAR	51023	5.853,99	14.938,16	15.437,76	1.906,84	38.136,75
	03.2100. 0040. 0.	MELL. AL. PUBL. SUEVOS. S. VICENZO E O.	43007	4.659,36	11.889,72	12.287,36	1.517,71	30.354,15
		TOTAL		31.705,17	80.904,99	83.610,79	10.327,42	206.548,37
BERGONDO	03.2100. 0041. 0.	BEIR. DOT. SERV. A CAMPI/A	51023	20.098,11	51.286,18	2.934,67	56.613,34	130.932,30
	03.2100. 0042. 0.	BEIR. DOT. SERV. FIOBRE	51023	3.692,73	9.423,08	533,96	10.407,11	24.056,88
	03.2100. 0043. 0.	BEIR. DOT. SERV. O CASAL	51023	19.635,75	50.106,35	2.874,65	55.303,46	127.920,21
		TOTAL		43.426,59	110.815,61	6.343,28	122.323,91	282.909,39
BETANZOS	03.2100. 0044. 0.	ACD. PAV. V.P. REQUIAN-PIADELA E O.	51023	8.512,06	21.720,99	20.565,18	4.654,90	55.453,13
	03.2100. 0045. 0.	ACD. PAV. V.P. TIOBRE-BRAVIO E O.	51023	6.507,56	16.605,93	15.279,03	4.002,00	42.394,52
	03.2100. 0046. 0.	ACD. PAV. V.P. TIOBRE-BRAVIO E O.	51023	4.471,07	11.409,24	9.908,52	3.338,67	29.127,50
	03.2100. 0047. 0.	INST. DEPORTIVA CASTRO-PONTELLAS	45320	5.549,55	14.161,31	12.752,57	3.690,02	36.153,45
	03.2100. 0048. 0.	MELL. SEG. VIAL DOT. SERV. AS ANGUSTIA	51023	3.782,46	9.652,05	8.092,53	3.114,40	24.641,44
	03.2100. 0049. 0.	MELL. SEG. VIAL AVDA. FRAGA IRIBARNE	51023	5.988,98	15.282,64	13.911,45	3.833,11	39.016,18
		TOTAL		34.811,68	88.832,16	80.509,28	22.633,10	226.786,22
BOIMORTO	03.2100. 0050. 0.	AMPL. ABAST. AUGA P/IEIRO E O.	51022	8.755,53	22.342,29	23.089,51	2.851,96	57.039,29
	03.2100. 0051. 0.	SANEAMENTO EN CAMPOS	44012	6.396,31	16.322,04	16.867,92	2.083,49	41.669,76
	03.2100. 0052. 0.	PAV. EN ZAIN E OUTROS	51023	6.136,92	15.660,13	16.183,87	1.999,00	39.979,92
	03.2100. 0053. 0.	CM. CASAL DE MUNIN-PALOMAR	51021	5.500,90	14.037,15	14.506,60	1.791,82	35.836,47
		TOTAL		26.789,66	68.361,61	70.647,90	8.726,27	174.525,44

BOIRO	03.2100.	0054.	0.	PAV. MOIMENTA, POMARDORIO E O.	51023	8.129,48	20.744,75	14.136,77	9.949,81	52.960,81
	03.2100.	0055.	0.	URBANIZACION CESPON E LAMPON	43533	8.605,19	21.958,64	14.963,98	10.532,03	56.059,84
	03.2100.	0056.	0.	PAV. CM. BELLES ABAIXO A XIAN	51021	7.550,38	19.266,99	13.129,72	9.241,03	49.188,12
	03.2100.	0057.	0.	AFIRM. CM. SAN RAMON BEALO E O.	51021	6.730,96	17.176,00	11.704,80	8.238,13	43.849,89
	03.2100.	0058.	0.	ACD. ACC. COSTADAL, ESTIVADA E O.	51021	5.955,76	15.197,87	10.356,78	7.289,36	38.799,77
	03.2100.	0059.	0.	PAV. MONTE, MEDEIROS E AJEIRO	51023	5.100,43	13.015,23	8.869,39	6.242,50	33.227,55
	03.2100.	0060.	0.	AFIRM. CM. CARI/O A LAGOA	51021	4.989,46	12.732,05	8.676,41	6.106,68	32.504,60
	03.2100.	0061.	0.	MARQUESINAS PARADAS BUS	00.599	4.293,97	10.957,33	7.467,00	5.255,47	27.973,77
	03.2100.	0062.	0.	CONTEDORES DE RSU	44010	3.765,52	9.608,83	6.548,06	4.608,69	24.531,10
	03.2100.	0063.	0.	SANEAMENTO DE BRION	44012	3.702,88	9.448,99	6.439,13	4.532,02	24.123,02
				TOTAL		58.824,03	150.106,68	102.292,04	71.995,72	383.218,47
BOQUEIXON	03.2100.	0064.	0.	AREA CUB. USOS MPAIS. SANTABAIA	43531	6.409,74	16.356,33	16.903,36	2.087,86	41.757,29
	03.2100.	0065.	0.	AMPL. AL. PUBL. CODESO-GASTRAR	43007	6.092,39	15.546,52	16.066,46	1.984,49	39.689,86
	03.2100.	0066.	0.	AMPL. AL. PUBL. ORUAL-SERGUDE	43007	6.002,45	15.317,01	15.829,28	1.955,20	39.103,94
	03.2100.	0067.	0.	CONSTR. BEIR. A DEVESA	51023	5.754,41	14.684,05	15.175,14	1.874,40	37.488,00
	03.2100.	0068.	0.	PAV. CM. CAMPORRAPADO-LEON Y O.	51021	4.506,67	11.500,07	11.884,68	1.467,97	29.359,39
				TOTAL		28.765,66	73.403,98	75.858,92	9.369,92	187.398,48
BRION	03.2100.	0069.	0.	SAN. E REP. PISTAS BRION	44012	34.984,04	89.271,99	63.947,53	39.705,52	227.909,08
				TOTAL		34.984,04	89.271,99	63.947,53	39.705,52	227.909,08
CABANA	03.2100.	0070.	0.	PAV. E BEIR. VILASECO-IGREXA BORN.	51023	9.209,94	23.501,85	21.594,25	5.693,57	59.999,61
	03.2100.	0071.	0.	PAV. URES-CANDUAS E O.	51023	5.254,02	13.407,17	12.318,95	3.248,03	34.228,17
	03.2100.	0072.	0.	MELL. CAPA RODADURA CM. NEA/O	51021	5.340,56	13.627,98	12.521,83	3.301,52	34.791,89
	03.2100.	0073.	0.	MELL. CAPA RODADURA CM. NANTON E O.	51021	9.159,40	23.372,88	21.475,76	5.662,33	59.670,37
	03.2100.	0074.	0.	PAV. EIRITA-MIRAFLORES E O.	51023	5.351,07	13.654,81	12.546,47	3.308,03	34.860,38
				TOTAL		34.314,99	87.564,69	80.457,26	21.213,48	223.550,42
CABANAS	03.2100.	0075.	0.	PAV. V. MPAIS. O PEREIRO-OS MARTICES	51023	5.521,20	14.088,95	14.560,13	1.798,44	35.968,72
	03.2100.	0076.	0.	PAV. V. MPAIS. VAL-MURGAS E O.	51023	7.183,42	18.330,60	18.943,64	2.339,88	46.797,54
	03.2100.	0077.	0.	PAV. V. MPAIS. CADIVAS-LOUSIDO	51023	5.923,29	15.115,00	15.578,42	1.971,49	38.588,20
				TOTAL		18.627,91	47.534,55	49.082,19	6.109,81	121.354,46
CAMARIÑAS	03.2100.	0078.	0.	PAV. VIAS A PORTELA, CAMELLE	51023	7.278,55	18.573,33	4.035,09	17.530,27	47.417,24
	03.2100.	0079.	0.	PAV. E SANEAMENTO BURIA	51023	6.831,72	17.433,14	3.787,39	16.454,10	44.506,35
	03.2100.	0080.	0.	PAV. R/SAN XOSE EN CAMARI/AS	51023	6.479,29	16.533,80	3.592,00	15.605,27	42.210,36
	03.2100.	0081.	0.	PAV. R/FUROCA EN CAMARI/AS	51023	6.190,51	15.796,89	3.431,91	14.909,75	40.329,06
	03.2100.	0082.	0.	AL. R/AS BARROSAS-PONTE DO PORTO	43007	5.638,05	14.387,13	3.125,63	13.579,15	36.729,96
	03.2100.	0083.	0.	AMPL. ACD. CM. C/UA FONTE	51021	4.324,76	11.035,89	2.397,57	10.416,13	28.174,35
				TOTAL		36.742,88	93.760,18	20.369,59	88.494,67	239.367,32
CAMBRE	03.2100.	0084.	0.	COLECT. AUGAS RESID. SIGRAS	44012	51.388,29	131.132,20	123.146,05	29.110,58	334.777,12
				TOTAL		51.388,29	131.132,20	123.146,05	29.110,58	334.777,12
CAPELA, A	03.2100.	0085.	0.	BEIRARRÚAS NAS NEVES	51023	8.699,73	22.199,89	22.942,33	2.833,79	56.675,74
	03.2100.	0086.	0.	BEIRARRÚAS EN GUNXEL	51023	8.181,40	20.877,23	21.575,44	2.664,95	53.299,02
				TOTAL		16.881,13	43.077,12	44.517,77	5.498,74	109.974,76
CARBALLO	03.2100.	0087.	0.	SAN. O CAMPO-BERDILLO	44012	7.760,18	19.802,35	20.464,62	2.527,75	50.554,90
	03.2100.	0088.	0.	SAN. ARTES E SOFAN	44012	12.959,20	33.069,19	34.175,15	4.221,24	84.424,78
	03.2100.	0089.	0.	SAN. XOANE-GOIANIS 1-F	44012	8.485,61	21.653,50	22.377,68	2.764,04	55.280,83
	03.2100.	0090.	0.	AF. CM. ALDEMUDE-ARDAVA-ARTES E O.	51021	6.178,40	15.765,99	16.293,27	2.012,51	40.250,17
	03.2100.	0091.	0.	MELL. CM. ENTRECRUCES-GOIANIS E O.	51021	9.497,20	24.234,89	25.045,40	3.093,55	61.871,04
	03.2100.	0092.	0.	MELL. CAPA RODADURA R/CARBALLO	51023	7.235,58	18.463,70	19.081,21	2.356,87	47.137,36
	03.2100.	0093.	0.	MEJ. ACC. INSTITUTO PARGA PONDAL	51021	6.368,23	16.250,40	16.793,87	2.074,34	41.486,84
	03.2100.	0094.	0.	PAV. RÚAS EN CARBALLO	51023	6.961,55	17.764,42	18.358,52	2.267,61	45.352,10
	03.2100.	0095.	0.	MELL. CAPA RODADURA PONTE PEDRA	51023	8.700,62	22.202,18	22.944,71	2.834,08	56.681,59
	03.2100.	0096.	0.	BEIR. BARIS PARROQUIA RUS	51021	13.378,25	34.138,51	35.280,24	4.357,74	87.154,74
				TOTAL		87.524,82	223.345,13	230.814,67	28.509,73	570.194,35
CARNOTA	03.2100.	0097.	0.	BEIRARRÚAS ES ESQUEIROS-LARI/O	51023	3.690,22	9.416,66	9.731,59	1.202,03	24.040,50
	03.2100.	0098.	0.	ACD. FIRME E OBRAS COMPL. SOFAN-LIRA	51023	5.088,60	12.985,05	13.419,32	1.657,53	33.150,50
	03.2100.	0099.	0.	2ª-F PISTAS ENTRE MACEIRAS E MALLOU	51021	3.690,22	9.416,66	9.731,59	1.202,03	24.040,50
	03.2100.	0100.	0.	ADEC. CONTORNO CM. A PORTOQUILMAS	51021	3.690,22	9.416,66	9.731,59	1.202,03	24.040,50
	03.2100.	0101.	0.	2ªF SAN. E ADEC. PRAZA SOLANA (PINDO)	44012	5.905,28	15.069,04	15.573,01	1.923,54	38.470,87
	03.2100.	0102.	0.	ACOND. FIRME ESTR. PAXAREIRAS	51023	3.690,22	9.416,66	9.731,59	1.202,03	24.040,50
				TOTAL		25.754,76	65.720,73	67.918,69	8.389,19	167.783,37
CARRAL	03.2100.	0103.	0.	PISTAS CRUZ DE BEIRA-CURRO E O.	51021	5.149,18	13.139,63	13.149,10	2.107,22	33.545,13
	03.2100.	0104.	0.	PISTAS PONTE DE CA/AS A REVOLTA	51021	6.004,57	15.322,41	15.333,47	2.457,27	39.117,72
	03.2100.	0105.	0.	ASF. RIBEIRA ARDE XURXO	51021	6.884,66	17.568,23	17.580,91	2.817,43	44.851,23
	03.2100.	0106.	0.	ASF. GALGANS E CABRA	51021	6.998,72	17.859,28	17.872,18	2.864,11	45.594,29
				TOTAL		25.037,13	63.889,55	63.935,66	10.246,03	163.108,37
CEDEIRA	03.2100.	0107.	0.	CM. ESTR. SAN ADRES Ó TOXO	51021	4.779,90	12.197,30	12.605,22	1.556,97	31.139,39
	03.2100.	0108.	0.	AMPL. E MELLORA BEIR. CL.ORTIGUEIRA	51023	5.910,19	15.081,56	15.585,95	1.925,14	38.502,84
	03.2100.	0109.	0.	MELLORAS BEIRAR. AVDA. CASTELAO	51023	18.510,09	47.233,90	48.813,58	6.029,35	120.586,92
	03.2100.	0110.	0.	PAV. CMÑOS. SAN FIZ DE ESTEIRO E O.	51021	4.352,51	11.106,71	11.478,16	1.417,76	28.355,14
				TOTAL		33.552,69	85.619,47	88.482,91	10.929,22	218.584,29

CEE	03.2100.	0111.	0.	ACD. ESTR. TOBA-LIRES	51023	10.772,04	27.488,00	27.003,78	4.912,33	70.176,15
	03.2100.	0112.	0.	PAV. CM. TEDIN-CANOSA	51021	6.966,43	17.776,87	17.463,73	3.176,87	45.383,90
	03.2100.	0113.	0.	ACD. CABALERIZA, LAGOA E O.	51021	6.893,54	17.590,89	17.281,01	3.143,64	44.909,08
	03.2100.	0114.	0.	ACD. "FONTE MILLARADA" AREA DESC.	51021	4.217,32	10.761,71	9.624,24	2.871,11	27.474,38
				TOTAL		28.849,33	73.617,47	71.372,76	14.103,95	187.943,51
CERCEDA	03.2100.	0115.	0.	PAV. CM. ENCROBAS	51021	3.833,90	9.783,31	10.110,50	1.248,83	24.976,54
	03.2100.	0116.	0.	CAMPO FUTBOL ATRIO RODIS	45320	5.065,50	12.926,10	13.358,40	1.650,00	33.000,00
	03.2100.	0117.	0.	PAV. RÚAS CERCEDA	51023	7.199,15	18.370,73	18.985,12	2.345,00	46.900,00
	03.2100.	0118.	0.	URBZ. TRAV. A SILVA Y QUEIXAS	43533	10.745,00	27.419,00	28.336,00	3.500,00	70.000,00
	03.2100.	0119.	0.	AMPL. SAN. MEIRAMA	44012	3.837,50	9.792,50	10.120,00	1.250,00	25.000,00
	03.2100.	0120.	0.	PAV. CM. XESTEDA E MEIRAMA	51021	3.842,74	9.805,87	10.133,81	1.251,71	25.034,13
03.2300.0095.0	CEDEIRA	CAPT. PLUV. EDAR S. ANDRES TEIXIDO	66.680,94	5.674,55	41.002,11	2.433,85	14.236,38	3.334,05
03.2300.0096.0	COIROS	SAN. E DEPURACIÓN EN COIROS	627.897,51	53.434,08	386.094,18	22.918,26	134.056,11	31.394,88
03.2300.0097.0	FRADES	ABASTECIMIENTO AUGA FRADES 1-F	646.579,65	55.023,93	397.581,83	23.600,16	138.044,75	32.328,98
03.2300.0098.0	MUGARDOS	REDE SUMIDOIROS ROIBEIRAS-SIMOU	250.624,7	21.328,16	154.109,13	9.147,8	53.508,37	12.531,24
03.2300.0099.0	NEDA	COLECT. XERAIS SAN. ANCA-VILADON. E O.	311.324,27	26.493,7	191.433,29	11.363,34	66.467,73	15.566,21

03.2300.0100.0	OROSO	ABAST. EN OROSO, DEIXEBRE E TRASMORTE	356.927,02	30.374,49	219.474,42	13.027,84	76.203,92	17.846,35
03.2300.0101.0	ORTIGUEIRA	CAPT. DEP. AUGA S. ADRIAN	110.959,24	9.442,63	68.228,84	4.050,01	23.689,8	5.547,96
03.2300.0102.0	PONTECESO	VEHICULO REC.COMPACT.RESIDUOS SOL.	140.000	11.914	86.086	5.110	29.890	7.000
03.2300.0103.0	SADA	DOT. SERV. SAN. AB. EP 5813 OSEDO-CASTELO	158.701,28	13.505,48	97.585,42	5.792,6	33.882,72	7.935,06
03.2300.0104.0	SOMOZAS	AMPL. REDE ABAST. AS SOMOZAS-RECEMEL 1-F E O.	386.912,95	32.926,3	237.912,8	14.122,32	82.605,92	19.345,65
03.2300.0105.0	TORDOIA	ABAST. AUGA BARDAOS-GORGULLOS	524.573,85	44.641,24	322.560,48	19.146,95	111.996,53	26.228,69
03.2300.0106.0	TOURO	REDE XERAL BAMA-PREVEDI/OS-FOXAS E O.	722.554,8	61.489,41	444.298,95	26.373,25	154.265,45	36.127,74
03.2300.0107.0	TRAZO	SANEAMENTO EN MILLARADA E PUMAR	231.201,95	19.675,29	142.166,08	8.438,87	49.361,61	11.560,1
03.2300.0108.0	VALDOVIÑO	SAN. ZONA URBANA LAGUNA FROUXEIRA 2-F	124.565,36	10.600,51	76.595,24	4.546,64	26.594,7	6.228,27
TOTAL			6.574.251,61	559.468,83	4.042.507,31	239.960,15	1.403.602,66	328.712,6

3.- Aprobar o Plan complementario ó POL 2003 no que se inclúe e a seguinte programación de investimentos con indicación do concello, denominación e orzamento que se financiarán cos remanentes que se puideran producir polas baixas de licitación ou anulacións de proxectos, así como coa diferenza entre o financiamento asignado e o investimento aprobado para a anualidade 2003 que ascende a 35.255,87 €, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

Esta relación tiene carácter de "programación de actuacións que se han incluír no Plan complementario ó POL 2003", de forma que unha vez estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade de terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, o Pleno da deputación prestará aprobación ós correspondentes proxectos.

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO
ARANGA	SAN. REGO DAS CAMPOSAS-MUNIFERRAL	61.283,64
ARES	SAN. CHANTEIRO 1-2-3 FASES	686.233,11
ARES	CASETA SALVAMENTO E SOCORRISMO ARES	73.654,27
ARTEIXO	SAN. MONTEAGUDO	76.064,53
ARTEIXO	COLECTOR MOUCHO-VILARRODIS	83.963,5
ARTEIXO	RED RESIDUAIS ARMENTON FASE 2	61.240,69
ARZUA	EDIF. MULTIUSOS E MERCADO 2-F	591.305,94
BERGONDO	EDAR CONDUCC. E SAN. PETEIRO E O.	272.028,29
CEDEIRA	SAN. REDE AUGA VENTOSA-PIÑEIRO	36.298,17
CEDEIRA	SAN. REDE AUGA POTABLE PIÑEIRO, OLMO E O.	94.607,73
CEDEIRA	SAN. ESPASANTE, NOVAL, ARBA E AREOSA	91.871,91
CEDEIRA	SAN. EN MOSENDE-PIÑEIRO E SANTALLAMAR	173.972,45
CEE	ADEC. SIST. SEP. REDE SAN. NUCLEO URBANO	577.806,24

CESURAS	AMPL. AB. AUGA CESURAS 4-F	374.800,61
CORISTANCO	REDE ABAS. AUGA PARROQ. COUSO	114.192,3
CULLEREDO	COLECTOR SAN. CASAL-CELAS (2-F RIO VALIÑAS)	631.062,71
DODRO	SAN. AB. BANDE-TARRIO E O.	199.450,82
DODRO	AB. AUGA MANSELLE E O.	189.881,56
DUMBRIA	SAN. EZAR FASE 3	324.546,52
DUMBRIA	INST. EMISARIO SUBMARINO	246.088,98
FISTERRA	EDAR E COLECT. XERAIS EN ANCHOA	307.306,11
IRIXOA	SAN. EN CHAO DE VIÑA	313.104,07
A LARACHA	SAN. ABAST. CENTULLE-LESTON	187.106,26
MAÑÓN	SAN. E EDAR ESTRADA ESTACIÓN	69.677,8
MELIDE	SANEAMENTO EN MELIDE	779.494,74
MESÍA	AB. AUGA POTABLE CONCELLO MESIA	427.484,52
MOECHE	BARREDOIRA, ASPIRADORA E LIMPAD. GABIAS	72.100
OLEIROS	MELL. REDE XERAL. AUGA POT. CONCELLO OLEIROS	205.528,68
OROSO	AMPL. REDE MPAL. DE ABASTECIMIENTO	423.312,72
PONTEDEUME	SAN. ANDRADE-VALDEVIÑATOS	685.300,16
PONTES, AS	SAN. EN PORTOIBO 1-F	113.085,87
PONTES, AS	SAN. EN PORTOIBO 2-F	122.630,5
PORTO DO SON	SAN. GOIÁNS, RIBASIEIRA, ETC..	95.744,97
PORTO DO SON	SAN. NEBRA A BARO/A	75.297,53
AS SOMOZAS	AMPL. REDE ABAST. AUGA 2-F	215.353,03
AS SOMOZAS	AMPL. REDE ABAST. AUGA 3-F	225.456,42
TORDOIA	ABAST. AUGA PARRQ. CASTENDA	584.027,88
TRAZO	ALC. PUMAR-VILARRADEIRA-CERDEIRA E O.	74.733,71
VAL DO DUBRA	NUEVA CAPT. E DEP. AUGA POTABLE	223.380,1
VALDOVIÑO	MELLORA ABAST. E SAN. VALDOVIÑO	60.101,21
VALDOVIÑO	MELL. ABAST. E SAN. PORTA DO SAL	60.101,21
VIMIANZO	URBZ. ARREDORES E APARCADOIRO CENTRO SAÚDE	143.249,04
CARIÑO	MERCADO MUNICIPAL CARIÑO 1-F	360.607,26
CARIÑO	MERCADO MUNICIPAL CARIÑO 2-F	330.137,93
	TOTAL	11.114.675,6

Este plan complementario poderá ser modificado ou ampliado na forma e cos trámites establecidos no R.D. 1328/97 e orde de 7 de maio de 1998, coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e FEDER.

4.-Dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5.-Remitir o expediente a informe do Subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de Organización e Funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

6.-Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

7.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

8.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobado o plan.”

5.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2003.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar as bases reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003 co texto que figura no anexo que se axunta.

2.-Dispor a publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que durante un prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que se estimen oportunas, considerándose definitivamente aprobadas no caso de non se presentar ningunha alegación.

BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2003

1.-Denominación e aplicación orzamentaria.

O presente Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003 é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio de 2003, que se financia cunha achega provincial por importe de 6.000.000 de euros, que figura na Aplicación 0501/511C/76299 do orzamento provincial para o ano 2003, e polas achegas municipais voluntarias dos concellos que é posible realizar para completar o financiamento dos investimentos.

2.-Finalidade e obxecto.

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia na realización dos investimentos necesarios para a mellora do transporte, entendido este no seu senso máis amplo, comprendendo actuacións que se poderán desenvolver nas vías de titularidade municipal e no seu contorno máis inmediato.

O obxectivo básico do plan é a mellora nas condicións de mobilidade e seguridade dos automóviles e peóns, polo que se poderán incluír todas aquelas actuacións que persigan este obxecto en vías de titularidade municipal.

As actuacións realizaranse sobre vías de titularidade municipal tales como estradas locais, accesos a núcleos, travesías en núcleos, camiños municipais, etc.

As actuacións concretas que se poderán incluír no plan son as seguintes: asfaltado, pavimentación e mellora de firme, acondicionamento de drenaxes e gabias, alongamento, sinalización horizontal e vertical, proteccións viais, estacionamentos, beirarrúas, iluminación pública, marquesiñas, e calquera outra actuación directamente relacionada co obxecto e finalidade do plan.

As obras deben ser completas e identificarse cun proxecto técnico que as defina.

As subministracións han de referirse de bens asociados co obxecto do plan e que se poidan cualificar como gastos de investimento.

O orzamento mínimo dos investimentos que se han solicitar polos concellos para incluír no plan fíxase para as obras en 31.000,00 euros, e para a subministración en 13.000,00 euros.

3.-DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 91 concellos da provincia da Coruña cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, os cales poden participar nel presentando a documentación establecida nas bases no prazo establecido.

4.-FINANCIAMENTO

Para o financiamento deste plan anual do exercicio 2003, a deputación destina unha achega provincial total por importe de 6.000.000 euros. A cada concello asígnaselle unha cantidade concreta que será o resultado da aplicación das seguintes variables ponderadas a cada un dos 91 concellos destinatarios do plan:

Km. estradas municipais	35%
Superficie	25%
Núm. parroquias	25%
Poboación	15%
Total	100%

Non obstante, os concellos que así o desexen poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos solicitados. Neste caso, o concello deberá adoptar o compromiso de incluír no seu orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

5.-FORMA E PRAZO DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas dispostas no art. 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 29 de marzo de 2003 incluído, a seguinte documentación:

5.1.-Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, conforme ó modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente as bases e se relacionen por orde de prioridade as obras ou equipamento que se solicitan, con indicación da súa denominación e orzamento, e no que se preste aprobación ó proxecto da obra ou prescricións técnicas do equipamento.

Así mesmo, deberá facerse constar nesta acordo o plan financeiro relativo a cada un dos investimentos solicitados, de forma que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial asignada (ata o límite da cantidade total asignada a cada concello) e, se é o caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria. En caso de realizarse achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

Igualmente, en dito acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para executar as obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

Ademais, no dito acordo aprobaranse as obras ou equipamentos que o concello desexe incluír no plan complementario con carácter supletorio, para seren financiados con cargo ás baixas de licitación que se poidan producir nas obras ou equipamentos do respectivo concello, de forma que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan.

Para as obras e equipamentos que se soliciten incluír dentro do Plan complementario aplicaranse os orzamentos mínimos esixidos para estes investimentos no Plan base.

5.2. Documentación descritiva das obras e equipamentos.

5.2.a) Para as obras

Proxectos técnicos por exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

O orzamento mínimo das obras establécese en 31.000,00 euros.

5.2.b) Para os equipamentos

Prego de prescricións técnicas onde se detallen as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario.

O orzamento mínimo dos equipamentos establécese en 13.000,00 euros.

5.3. Memoria xustificativa

Memoria xustificativa da necesidade do investimento solicitado, poboación afectada e previsións de utilización.

6.-APROBACIÓN DO PLAN

Unha vez terminado o prazo antes indicado para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no tocante ó seu obxecto, financiamento e documentación que se ha presentar. En caso de presentar algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ó concello o prazo 10 días para a subsanación establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Pleno da deputación prestará aprobación ó plan, onde se conterà a relación das actuacións que se van realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan. No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realicen os respectivos concellos.

A aprobación comprenderá tanto as obras principais solicitadas polos concellos que se interpretarán no Plan base, como as obras supletorias que se integran no Plan complementario para financiarse con cargo ás baixas de licitación que se poidan producir nos respectivos concellos, polo que a aprobación definitiva deste Plan complementario queda condicionada a que efectivamente se produzan as ditas baixas.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos no artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.

Transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva do Plan adicional financiado con baixas de licitación que se elabore no marco do Plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de baixas de licitación, e a resultas disto, declárese definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras dispostas no Plan complementario daqueles concellos que tiveran baixas de licitación, podendo o concello correspondente realizar achegas municipais voluntarias coa fin de completar o seu financiamento.

7.-CONTRATACIÓN DAS OBRAS E DOS EQUIPAMENTOS

A contratación das obras e dos equipamentos que se efectuará polos respectivos concellos, deberá estar realizada antes do 1 de outubro de 2003, podendo remitirse a esta deputación a documentación xustificativa da adxudicación dos investimentos ata o día 15 de outubro de 2003 incluído, agás solicitude de prórroga motivada.

A contratación realizarase conforme ós pregos de condicións da deputación, mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado, consonte co establecido no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

Non obstante, tamén se poderá utilizar o sistema de execución directa por Administración para as obras que se inclúen neste plan, conforme co disposto no artigo 152 da citada Lei de contratos das Administracións públicas e artigos 174 e seguintes do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

As baixas de licitación que se poidan producir aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal voluntaria, se ha houbera. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar a financiar os investimentos contidos no Plan complementario de cada concello.

Os concellos que solicitaran prórroga para contratar obras abrangidas no Plan base non poderán participar no Plan complementario.

8.-EXECUCIÓN DO PLAN

As obras ou equipamentos executaranas os respectivos concellos conforme ó proxecto de obras ou prescrición técnicas da subministración presentada coa solicitude e aprobados co plan.

Desde a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ó modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

Os investimentos incluídos no presente plan deberán estar terminados e xustificados antes do 30 de novembro de 2004. Non obstante, este prazo poderán ser obxecto de ampliación, por solicitude dos respectivos concellos.

9.-PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando certificación de execución das obras, ou factura e acta de recepción da subministración, debidamente aprobados polo concello e en exemplar triplicado.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial correspondente ós plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000,00 euros, agás a derradeira certificación. Despois de terminadas as obras deberá axuntarse acta de recepción das obras xunto coa última certificación de execución.

A deputación transferirá ó concello o importe correspondente á achega provincial e ós investimentos realizados, trala verificación previa da adecuación das certificacións ou facturas ó proxecto ou prescricións da subministración aprobados no plan.

10.-INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se puideran presentar serán resoltas polo presidente da deputación, tralo informe previo de Secretaría e Intervención”.

ANEXO I MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/Dona _____ secretario/a do concello de _____

CERTIFICA:

Que o Pleno do concello en sesión celebrada o _____ adoptou entre outros o seguinte acordo:

1º.-"Participar no Plan XXI de infraestructuras locais de Transportes e de travesías municipais 2003 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, do que as bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización pola orde de prioridade sinalada dos investimentos que a seguir se indican:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA PROVINCIAL	ACHEGA MUNICIPAL
1-			
2-			
3-			
4-			
5-			
TOTAL			

2º.-Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas da subministración dos investimentos establecidos no apartado 1.

3º.-Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou equipamentos que a seguir se relacionan, para seren financiados cos remanentes que se puideran xerar polas baixas de licitación ou nas obras incluídas no apartado 1, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1-	
2-	
TOTAL	

4º.-Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para executar as obras e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

5º.- (Só no apartado de que exista unha achega municipal voluntaria).

Para financiar o importe da achega municipal con cargo ós propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal o correspondente crédito suficiente para o seu funcionamento.

6º.- Facultar ó alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en _____ o _____ de _____ de 2003.

Vº e Pr.

O ALCALDE,

6.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003, 1ª FASE.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Hai uns meses pasouse a debate no Pleno unha proposta do BNG que pretendía dar os pasos, non chegar definitivamente, senón dar os pasos, para que un tema tan importante e tan fundamental como é o tema da rede viaria provincial, fósamos quen de artellar un mecanismo para saber con qué prioridades hai que actuar, para ter mesmo un esqueleto ou unha pequena radiografía de cál é a situación da rede viaria da provincia da Coruña que, por outra parte, demóstrase a través dun documento que fixo o Ministerio para as Administracións Públicas, que era a que menos investía do conxunto das catro deputacións na rede viaria provincial, e en fin, para que cada vez que esteamos aprobando aquí as diversas anualidades do Programa de rede viaria provincial, souberamos que temos un marco común, un marco xenérico, e que o que facemos despois é aplicar criterios exclusivamente técnicos.

Se non nos equivocamos, cando unhas mocións non se declaran de urxencia nos plenos, deberían de pasar á comisión correspondente, desa comisión correspondente debería darse un debate, e naturalmente deberían de volver a pasar ó pleno para que substanciara un debate que, pola vía de urxencia, non se fixo. É evidente que esa moción nunca volveu a este pleno, que no día de hoxe ese debate quedou completamente secuestrado, enténdase ben o que quero dicir, secuestrado para o debate, non se puido dar o debate, é unha palabra correcta nese senso, aínda que posiblemente non sexa, desde o punto de vista, como se di agora, moi politicamente correcta, pero si que é un debate que está secuestrado, e por tanto, os debates da rede viaria provincial nesta casa redúcense a que se nos entregue unha listaxe de estradas, que nosoutros teñamos que preguntar con que criterios, que se nos diga cos criterios que elaboran os servicios técnicos, e que nosoutros teñamos que dicir ó final que non temos nada en contra das obras que se inclúen pero seguramente, segundo están esas poderían estar outras, e sería mellor incluso que houbera unhas prioridades marcadas que nos valoran a todos, porque ademais nosoutros partimos da base de que nos pode valer a todo o mundo, de que este debate incluso se podería substanciar doutra forma.

Digo isto porque, efectivamente, coma sempre, como pasa tódolos anos, veñen hoxe aquí unha listaxe que non dubidamos que, coñecendo a situación da rede de estradas da nosa provincia, sexan urxentes, o que non sabemos é se son as máis urxentes, se os proxectos van completos ou non, e o que si sabemos é que, efectivamente, segue sen existir ese marco común que nos permita utilizar, mesmo cunha periodicidade cuatrienal, esa relación cuns criterios moito máis concretos. Nese senso, nosoutros vémonos obrigados de

novos, como foi en ocasións anteriores, a non poder darlle o noso voto favorable, pero neste senso, por descoñecemento, e porque ademais cremos que non se pode empezar un informe dicindo que “O Servicio de Vías e Obras remite para contratar a seguinte listaxe...”, nosoutros pensamos que non é serio, co máximo respecto ó Servicio de Vías e Obras que, seguramente, desde o punto de vista técnico, é o que máis sabe de todo isto, pero naturalmente a nosoutros gustaríanos que, á parte de existiren os informes técnicos dos Servicios de Vías e Obras, existan decisións políticas que son as que a fin de contas, condicionan se as cousas ó final se fan ben ou non se fan ben. Esa segunda pata da banquetta falta, que son os criterios políticos, e cando digo criterios políticos non digo criterios en función desta análise que no punto anterior dicía o Sr. Varela que era unha análise máis estrutural e que é a que temos que ter aquí, e eu repíto porque xa me está empezando a preocupar a min que nos convertamos, en lugar de deputados provinciais, en repartidores de fondos, e desde logo, non quere o BNG ser repartidor de fondos, nin ser mellor repartidor de fondos có PP ou o PSOE, senón o que temos que ser é bos políticos, para o que nos elixiron aquí.

Polo tanto, reitero o noso voto de abstención neste punto e tamén, en fin, a nosa pena porque non se tramitou correctamente o debate dun punto que, acabe como acabe, onde hai maioría xa sabemos como acaba, pero o debate hai que dalo, e realmente estar aquí aprobando as mocións, dicindo que pase á comisión correspondente, e despois non se inclúa e desaparezan, tampouco parece moi serio, porque iso é un mecanismo, pensamos nosoutros que demoníaco, é dicir, ó final hai cousas aquí que non se poden discutir porque se aplican a maioría dos votos dunha corporación, e nosoutros pensamos que a maioría hai que aplicala despois da discusión, pero non para impedir a discusión, que é o que está pasando nesta casa.

Sr. Varela Rey

As propostas que se traen hoxe a través da rede viaria local, como coñece ben o voceiro do Bloque, sabe cá é o proceso perfectamente, e polo tanto nosoutros coincidimos que ese é o procedemento normal, e que é razoable. Parte dun proceso de información, a través dos servizos desta casa, unha información exhaustiva, hai un coñecemento exacto de cá é o estado da rede viaria provincial, e a partir de aí os propios servizos técnicos fan unha serie de propostas, priorizando lóxicamente ese tipo de actuacións en función duns criterios que mesmo se fundamentan nos propios informes, como poden ser a densidade de tráfico, como pode ser a perigosidade da vía, ou como pode ser a estrutura desa vía dentro do que debe de ser enmarcado na Rede viaria provincial. Parécenos que é un proceso razoable, un proceso lóxico, e polo tanto apoiamos esa proposta que procede do Servicio de Vías e Obras. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o plan de vías provinciais 2003, 1ª fase integrado polos proxectos que a seguir se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 2.241.746,61 euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03.

OBRA	ORZAMENTO	CODIGO	PAZO DE EXECUCIÓN
Ampliación e mellora de trazado da E.P. 0301, parada a Congosto por ponte Aranga P.K. 8,300 deica ó 11.570 (Aranga)	496.450,97	0311100001.0	4 MESES
E.P. 0102 ampliación e mellora do trazado da E.P. Lema a Orto (Cambre)	385.646,64	0311100002.0	6 MESES
Afirmado e mellora da seguridade vial E.P. 0702 Ceilán a Lañas e prolongación ata a E.P. 0701 en Páramos P.K. 3,70 deica 9,55 (A Baña)	417.822,51	0311100003.0	16 MESES
Reforzo do firme na E.P. 5603 Negreira a Marco de Cornado P.K. 0,00 deica o 14,10 (Negreira)	685.154,2	0311100004.0	4 MESES
Ensanche de beiravías E.P. 1603 Ponte de Porto a Quintáns P.K. 1,50 deica o 7,00 (Vimianzo a Muxía)	106.608,78	0312110005.0	6 MESES
Reforzo do firme na E.P. 7802 Roxos a Reborido P.K. 0,00 deica o 3,77 (Santiago de Compostela)	150.063,06	0311100006.0	4 MESES
TOTAL	2.241.746,16		

2º.-Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

7.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7603 DO P.K. 0,000 DEICA O 5,000.

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para indicar que o noso voto vai ser favorable en tódolos puntos que veñen para ratificación da solicitude de urxente ocupación de todas estas obras, a pesar de discrepar xa do proceso, e polo tanto imos votar favorablemente dos puntos 7 deica o 21, incluídos os dous.

Sr. Fernández Moreda

Para anunciar o noso voto favorable dos puntos 7 ó 21.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora da E.P. 7603 do P.K. 0,000 deica o P.K. 5,000.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 132.924,33 euros.”

8.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7901 DE CHORES Ó LUGAR DE CRUZ.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora da E.P. 7901 de Chores ó lugar da Cruz.

2.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 60.101,21 euros.”

9.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 3203 DO P.K. 0,000 DEICA O 6,375 DE BURRICIOS A PENAMARTÍN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora da E.P. 3203 do P.K. 0,000 deica o 6,375 de Burricios a Penamartín.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 155.943,00 euros.”

10.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P.3203 DO P.K. 6,375 DEICA O 12,750 DE BURRICIOS A PENAMARTÍN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora da E.P. 3203 do P.K. 6,375 deica o 12,750 de Burricios a Penamartín.

2.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 152.377,51 euros.”

11.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 1004 DO P.K. 0,000 DEICA O 6,000 DE LANZA A BOIMORTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora da E.P. 1004 do P.K. 0,000 deica o 6,000 de Lanza a Boimorto.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Rectificar a relación dos titulares dos predios do plano parcelario da expropiación de referencia, publicada no BOP 267 con data do 20.11.12 excluindo os titulares que se relacionan no anexo 1, por existir un erro nos planos parcelarios incluídos no proxecto de execución de obra. Publicar a citada corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia.

4.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

5.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 177.643,34 euros.”

12.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NA E.P. 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA, VARIANTE QUINTÁNS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Urdilde a Antequera E.P. 7401, variante por Quintáns.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho

da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 197.561,70 euros.”

13.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7601 DO P.K. 0,000 DEICA O 5,350 DA CRUZ DE LAMESTRA A SAN SADURNIÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 7601 do P.K. 0,000 deica o 5,350 da Cruz de Lamestra a San Sadurniño.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 127.599,08 euros.”

14.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7601 DO P.K. 5,350 DEICA O 9,840 DA CRUZ DE LAMESTRA A SAN SADURNIÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 7601 do P.K. 5,350 deica ao 9,840 da Cruz de Lamestra a San Sadurniño.

2.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 114.337,85 euros.”

15.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7603 DO .K. 5,000 DEICA O 8,000.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 7603 do P.K. 5,000 deica o 8,000.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 74.012,88 euros.”

16.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7603 DO P.K. 8,000 DEICA O 10,500.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 7603 do P.K. 8,000 deica o 10,500.

2.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 56.443,14 euros.”

17.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 1104 BOIRO A PONTE DE SAN FRANCISCO, P.K. 1,500 DEICA O 7,500.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 1104 Boiro á ponte de San Francisco do P.K. 1,500 deica o 7,500.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 225.157,77 euros.”

18.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 6801 DA CAMPARA A CORME POR BRANTUAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 6801 da Cámpara a Corme por Brantuas.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 46.730,97 euros.”

19.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P.3608 DESDE O P.K. 0,000 Ó 1,000 FEIRA DO DOUS SERANTES A DONIÑOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 3608 desde o P.K. 0,000 deica o 1,000 Feira do Dous Serantes a Doniños.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 79.628,52 euros.”

20.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RÍOS DESDE O P.K. 4,000 DEICA O 8,600.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 0106 de Ameas a Oza dos Ríos desde o P.K. 4,000 deica o 8,600.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 159.758,74 euros.”

21.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 3606 DE COBAS A SAN XORXE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado da E.P. 3606 de Cobas a San Xorxe.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia de obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.-Que no vindeiro expediente de modificación de créditos se suplemente a partida 0202/511B/600.01 para atender as obrigas económicas derivadas do dito expediente expropiatorio e que no presente caso ascende á cantidade estimada de 92.186,84 euros.”

22.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE CORRUBEDO PARA A REALIZACIÓN DUN “MONUMENTO ÓS NÁUFRAGOS”.

INTERVENCIÓNS

Sra. Santiago López

Simplemente para anunciar o voto de abstención do noso grupo. Unha vez máis vólvese a traer a proposta dunha concesión de subvención nominativa a este pleno, unha pertinaz insistencia deste grupo de goberno en recorrer a esta fórmula cando hai mecanismos, sobre todo neste caso, que poderían ser utilizados, e non comprendemos como non se atenden dunha vez as recomendacións que fai Secretaría, ó recurso a este tipo de subvencións, e veñen unha e outra vez informes negativos sobre este tipo de propostas. Cremos que, sobre todo neste caso, sen discutir, que tamén poderíamos, o destino que leva esta subvención curiosa, se leve polos cánones existentes, que podería ser, se non fose porque hai unha proposta de achega do cen por cen do que vai ser esta subvención.

Entón, o noso grupo, insistindo de novo en que, como vimos facendo pleno tras pleno que aparece unha subvención deste tipo, o recurso a estas subvencións tería que ser moitísimo máis limitado do que está, e un chamamento a facer dunha vez por todas caso a esas recomendacións de Secretaría que advirten da pouca idoneidade deste tipo de subvencións. Insisto, o noso voto é de abstención.

Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista vai votar non a este punto e vai votar non por varias razóns. A primeira é que nos preocupa o informe do secretario xeral, o último parágrafo onde di que “... en consecuencia será o Pleno da Corporación quen resolva sobre a proposta baixo a súa propia responsabilidade. Vista a exposición suficientemente clara dos antecedentes e fundamentos de dereito contida no informe da Sección de Cultura e Deportes, e neste mesmo informe, que non pode ser favorable.”

Ante unha recomendación tan clara, cun informe desfavorable, e dicindo que o pleno asuma a súa propia responsabilidade na votación, creo que non deberíamos de someter isto á votación e á consideración deste pleno.

Imos votar que non porque non é unha subvención: unha subvención que subvenciona ó cen por cento do importe non é unha subvención, e é algo que se propón quince días despois de cerrarse o prazo de petición de subvencións reguladas nas bases aprobadas por este pleno. Non estamos en contra de que se constrúa un monumento ós náufragos, mesmo nos parece unha boa idea, pero pedimos que o faga a propia deputación, non hai ningún senso en aprobar algo no que se subvenciona a obra ó cen por cento, e cun informe desfavorable dos servizos xurídicos desta casa, que nos poñen ante a nosa propia responsabilidade se votamos favorablemente isto, ben, que o faga a deputación, ¿por que ten que subvencionar desta forma se vai pagar o cen por cento?, pois non nos opoñemos a que se faga un monumento ós náufragos, pero que o faga a deputación. Pero neste momento considerabamos que se se quere facer un monumento, hai outros motivos quizais máis importantes e que deberíamos de honrar. Esta deputación tivo escasa participación na catástrofe do Prestige. Mentres outras deputacións e concellos de España colaboraban enviando medios materiais e mostrando a súa solidariedade, a Deputación da Coruña ata agora fixo pouco.

Polo tanto, o grupo socialista quixera facer unha proposta, que se non se fai agora, trataremos de facela na seguinte lexislatura, que é que se faga un monumento ó voluntariado, un monumento ó voluntariado como recoñecemento e estímulo a estas persoas, que sacrifican o seu ocio, que sacrifican o seu descanso, para colaborar activamente nun acto de solidariedade con cidadáns que están sufrindo nas súas propias carnes, nos seus municipios, as consecuencias da catástrofe do Prestige, e propoñemos que se a deputación quere facer un monumento, que recolla tamén esta idea e que se faga un monumento, financiado ó cen por cento pola deputación, e que se erixa na cidade de Muxía, que é a cidade á que se lle califica como zona cero da catástrofe do Prestige. Polo tanto, o noso voto non é contra a que se faga un monumento ós náufragos, parécenos unha boa idea, pero cremos que cos informes xurídicos que constan no expediente, no que poñen ante a nosa propia responsabilidade o votar un acordo cando o informe é totalmente desfavorable, cando a deputación o financia ó cen por cento, cremos que se se quere facer este monumento, que o faga directamente a deputación, e que o faga onde queira, non hai ningún problema, cremos que é unha boa causa honrar ós náufragos da mar, pero entendemos que, dada a situación que hoxe está a vivir a provincia, quizais sería unha boa idea, deixámolo encima da mesa, e desde logo batallaremos na próxima lexislatura para que isto sexa realidade, o construír un monumento, erixir un monumento na cidade, no pobo, ou no municipio de Muxía, ós voluntarios que viñeron a colaborar cos cidadáns de Galicia para paliar os problemas ocasionados polo naufraxio do petrolero Prestige.

Sr. Varela Rey

Poderíamos interpretar que habería moitos colectivos, ou habería moitas situacións finalistas a quen se podería adicar un monumento, en todo caso o tema do voluntariado que participa nos labores de limpeza das nosas custas, eu creo que merece o recoñecemento de tódolos grupos políticos e de toda a poboación de Galicia, porque todo o mundo se volcou nesta tarefa importante. Pero estamos falando doutro tema que nestes momentos é tamén un símbolo para a nosa terra, como son os náufragos, como é a xente do mar, e unha comunidade, Comunidade de Usuarios de Auga de Corrubedo, fai unha proposta en nome de tódalas asociacións de veciños e doutro tipo, deportivas, culturais, de todo o tecido asociativo daquela localidade. Eu creo que é un símbolo de homenaxe ás xentes do mar, eu creo que hai que enténdelo en senso positivo e favorable desde o punto de vista da institución provincial. E polo tanto, o grupo de goberno vai apoiar esta proposta, e matizar ou sinalar un par de aspectos. De pretendese facer este monumento a través da convocatoria de subvencións, non podería levarse a cabo porque o importe del non acada os baremos que se están estipulando, desde as subvencións, é dicir, é unha cantidade máxima para calquera asociación, que non chegaría nunca nin a cubrir o 50% nese senso. Ben é certo que se quen financia todo este monumento, a totalidade do cen por cento, é a deputación, é unha obra da deputación, é innegable, pero eu creo que non sería atinado o feito de elixir o deseño, elixir o lugar, é dicir, eu creo que nese senso creo que se lle debe dar participación ós promotores, eu creo que o que hai é unha sensibilidade por parte da Deputación provincial de que sexan eles un pouquiño os actores, ó final non os que o van ter situado na súa poboación, e a nosoutros parécenos moito máis interesante que se faga desde ese punto de vista. Polo tanto, o resultado final sería o mesmo, que sexa a deputación o que contrate a que sexan os veciños, o resultado final sería o mesmo e, polo tanto, parécenos, eu creo que a participación, polo menos esa sensibilidade desde a Deputación provincial, é que sexan os veciños os que leven a efecto a obra que eles solicitan.

Polo tanto nosoutros imos votar a favor, reiterando ese recoñecemento permanente de gratitude cara os voluntarios e cara outros colectivos que seguramente que tamén poderían merecer un monumento nesa liña.

(Abandona o salón o Sr. Porto Serantes).

Sr. presidente

Dicir dúas palabras sobre este tema, primeiro que non é a primeira subvención nominativa que vén a este pleno, ou a unha renovación de créditos, coas observacións do secretario no mesmo senso, e concretamente me acordo dunha recente, dunha subvención a Betanzos, onde facía a mesma observación, empezando por aí, e estaba tamén unha subvención ó monumento á rianxeira en Rianxo. Polo tanto, repetir o que dicía o Sr. voceiro, que isto xa se vén tratando desde outubro ou novembro do ano pasado por unha soilcitude

de tódalas asociacións de Corrubedo, o que pasa é que ó final decidiron que fora a través, porque ben, hai asociacións onde non están incluídos tódolos veciños de Corrubedo, e nesta Comunidade de Augas de Corrubedo aí están tódolos veciños por motivos obvios, e entón decidiron entre todos eles que esta fora a que solicitara formalmente e oficialmente.

(Entra o Sr. Erias Rey).

E direi que por liña regular soamente poderíase axudar con dous millóns de pesetas, entón a contía é de cinco millóns, é a única forma de facelo.

Direille Sr. Fernández Moreda que xa hai iniciativas, que aplaudo tamén a súa proposta, que hai iniciativas sobre o monumento ó voluntariado, concretamente en Ribeira xa houbo demandas nese senso polas amas de casa, por algún colectivo, eu teño cartas dalgunhas persoas que chegaron, e polo tanto todos estamos nesa idea de facer un monumento ó voluntariado, onde parece ser que a Xunta tamén vai colaborar, non sei se outras institucións, pero de todas formas, a deputación afanarase nese monumento ó voluntariado, o sitio, pode ser en Muxía como noutro sitio calquera, prefiro que iso sexa consensuado, por suposto o sitio, porque o monumento non vai ser ó voluntariado que estivo en Ribeira, en Laxe ou Fisterra, senón a todo o voluntariado que traballou neste tema para axudar a Galicia na loita contra a marea negra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 10 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG; 1 do PSOE por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Comunidade de usuarios de auga de Corrubedo para realizar un “Monumento ós náufragos” por importe de 39.800 euros.”

23.- MODIFICACIÓN DE CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

O grupo provincial do BNG quere pedir a retirada da orde do día deste punto, que é unha modificación do parágrafo dous do convenio colectivo do persoal laboral, porque entendemos que, tal como xestou o expediente que ten que acompañar a tódolos puntos que veñen a aprobación plenaria, neste momento hai datos suficientes que poden chegar á conclusión de que realmente a proposta que vén a Pleno vai ter moitos problemas e moitas dificultades, e mesmo vai xerar unha especie de inseguridade xurídica respecto do que estamos aprobando. Neste senso eu quero manifestar o noso disgusto, unha vez máis, do que os expedientes, cando se nos pasan a aprobación nas comisións informativas preceptivas anteriormente ó pleno, non veñan completos, de maneira que os grupos provinciais non teñamos todos os datos encima da mesa para poder pronunciarnos respecto dos acordos que veñen a aprobación plenaria.

De feito, neste caso, única e exclusivamente o que se acompañaba á proposta de modificación de convenio, era a acta dunha mesa negociadora co comité do persoal laboral desta deputación, onde efectivamente se aprobaba a modificación. Na mesma reunión, cando se celebrou a comisión, achegóusenos un primeiro informe de Intervención, e un informe da Asesoría Xurídica da deputación e posteriormente no día de onte achegóusenos o último informe da Sección de Intervención.

O que eu teño que dicir respecto destes informes é que, a pesar de que se informa favorablemente sobre o redactado en primeiro lugar a Asesoría Xurídica, sen embargo, efectivamente, pon de manifesto que hai a falta de algo que parece ser que é fundamental, e é o informe do negociado de persoal onde se argumente, xustifíquese o porqué da modificación e qué efectos pode ter esta modificación no convenio de persoal. E en todo caso o último informe de Intervención o que fai é sementar dúbidas bastante razoables de que o acordo que imos tomar de modificación deste apartado do convenio de persoal, non vaia crear unha inseguridade xurídica respecto do que poden ser as futuras contratacións que se fagan en cumprimento de subvencións, ou de programas subvencionados por outras Administracións, por esta Deputación provincial.

(Abandona o salón o Sr. Poza Domínguez).

Por tanto, e sen meterme no que significa esta modificación, o noso grupo o que pide é a retirada deste punto da orde do día para mellor estudio, e que en todo caso teñamos posibilidade os tres grupos que formamos parte desta corporación, de con tódolos datos sobre a mesa, poder pronunciarnos respecto ó tema. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Moi brevemente para dicir que nos imos abster neste punto. Entendemos cáles son as causas que motivan e xustifican estas modificacións do artigo dous do convenio colectivo do persoal laboral, no que o apartado f quedaría establecido desta forma: “O persoal contratado en desenvolvemento de convenios ou con cargo a subvencións nas que interveñan outras Administracións, neste caso percibirán as retribucións correspondentes á subvención concedida”. Entendemos que se modifique, que se faga esta modificación porque temos un problema, hai unha subvención que dá o INEM para contratar a un grupo de persoas que terían a modalidade de contrato de inserción, contrato de inserción que non está regulado no convenio colectivo laboral desta deputación. Entón, surxe unha contradicción, esta subvención do INEM ten unha contía en salario e seguridade social, e esta contía é notablemente inferior á contía do que percibe un contratado laboral desta deputación. Polo tanto, se aplicamos o convenio laboral tal e como está establecido, a deputación non podería contratar a 1.200 persoas, e só contrataría a 400, cando o que se quere cun contrato de inserción é contratar ó maior número posible de persoas.

Ímonos abster porque co noso voto de abstención favorecemos esta modificación, pero expresamos unha pequena discrepancia. Cremos, como dicía a Sra. voceira do Bloque, e como di o informe de Intervención, que esta forma de solucionar este problema pode crear problemas no futuro. Polo tanto resolvemos un problema puntual, pero abrimos a porta para que no futuro se nos presenten posibles problemas.

E quería facer unha proposta no senso de que sería conveniente, quizais, que se lle formulase á mesa de negociación a plasmación no convenio colectivo do persoal laboral, a figura do contrato de inserción, e engadir un artigo máis ó convenio, onde máis ou menos diga que o persoal contratado ó abeiro de convenios ou subvencións nas que interveñan outras Administracións, baixo a modalidade de contratos de inserción, cobrarán o mínimo establecido no artigo 15.2 do Estatuto dos traballadores, e isto permítenos cumprir coa lei e cumprir coa finalidade deste tipo de contratos, contratar e dar a oportunidade de traballar ó maior número de persoas.

Polo tanto, o noso voto é de abstención, no senso de que non queremos obstaculizar esta reforma que se propón, pero tamén queremos facer a suxestión de que quizais sería mellor resolvelo definitivamente, convocando a mesa de negociación e buscando unha solución concreta para os contratos de inserción que regulen futuras situacións similares que se poidan producir no futuro. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Por parte do noso grupo e da oposición, como representante neste caso da área de persoal, quero dicir que, en primeiro lugar, a modificación que se propuxo, como dixo moi ben o Sr. Fernández Moreda, era indispensable e necesaria para garantir a contratación de persoal que vai colaborar nos labores de recuperación das praias do Prestige e que, desde

logo, é perfectamente claro que este persoal, en ningún caso, participa en funcións propias da deputación, senón que son servicios doutro tipo, nas que hai a colaboración doutras Administracións, e na que a deputación serve de vehículo de contratación, e polo tanto estamos resolvendo un problema que non afecta á estrutura propia da deputación, e que sería, polo tanto, totalmente inadecuado aplicarlle o Convenio colectivo do persoal da deputación, porque non vai prestar servicios na propia deputación, van prestar servicios nos concellos no labor, neste caso de recuperación de praias, e noutros casos en labores similares.

No seu momento, a acta da comisión negociadora co persoal laboral foi asinada de conformidade, sen ningunha discrepancia, e despois surxiron dúbidas sobre o alcance que poida ter esta normativa. A nosa posición é moi clara, nestes momentos é indispensable facer esa contratación e, polo tanto, é un traballo que vai terminar en xuño, ten que resolverse agora, inmediatamente, e polo tanto non somos partidarios de retiralo da orde do día nin de modificar o punto. Sen embargo Sr. Fernández Moreda, a súa suxerencia parécenos razoable, e obviamente este acordo que sometemos agora, analizaremos no vindeiro pleno matizar aínda máis o senso, que en definitiva era o que se pretendía con estas modificación, pero se o deixamos xuridicamente máis claro, será mellor. Pero agora neste momento sería un grave erro retiralo da orde do día, porque a finalidade é a mesma e o obxectivo é o mesmo, é persoal que en ningún caso debe estar incluído no convenio colectivo como retribución, porque non vai prestar servicios na deputación, son servicios alleos, está financiado por outra Administración, a deputación cumpre unha función social e, polo tanto, o que temos que facer é, coa maior rapidez posible, pór en marcha este mecanismo que por outra parte, van ser contratados directamente os trámites de contratación por tódolos concellos de calquera grupo político que sexan. Polo tanto, aquí non hai ningún tipo de discriminación, senón unha acción de aceleración de actuacións que nos fai pedir neste caso o voto positivo, independentemente de que estamos abertos a perfeccionar este precepto en vindeiras reunións e abrindo conversas adecuadas coa Mesa de negociación do persoal laboral que, reitero, de tódalas maneiras, asinaría favorablemente, sen ningunha discrepancia, inicialmente este compromiso. Polo tanto somos partidarios, non só de non retiralo, senón da aprobación.

Sra. Vázquez Veras

Visto que non se retira da orde do día, o noso grupo vai votar en contra desta modificación, en primeiro lugar proque nos gustaría que, en todo caso, quedara ben claro, se houbera un informe de Servicio de Persoal onde se aclarara que era especificamente para unha cousa, posiblemente se entendera máis o tema. Isto non é así, pero fóra diso, nosoutros entendemos que se parte por modificar o convenio dunha maneira xenérica, co cal se abren as portas, por moito que haxa vontade neste momento de resolver un problema específico, efectivamente, vendo o convenio e a circular que fala da limpeza de praias, fálase claramente

de contratos de inserción, esta deputación pode facelo extensivo a outro tipo de contratos e de subvencións. Neste senso, nosoutros pensamos que este paso non se debe de dar neste momento, que se deben de estudar fórmulas, que efectivamente existen, para modificar o convenio do persoal laboral que permita especificar claramente e non excluír, senón especificar outras formas de modalidade contractual que se poida facer a partir desta deputación, e polo tanto imos votar en contra.

Procédese a votar se o punto queda sobre a mesa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 3 deputados (BNG)

Votan en contra: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Abstéñense: 1 deputado (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

A seguir procédese a votar o dictame da comisión.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: 10 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Modificar o art. 2 do vixente Convenio colectivo do Persoal laboral nos termos seguintes:

“Art. 2.- Persoal excluído:

a)Os que sexan funcionarios públicos, fixos do cadro de persoal, interinos ou de emprego e confianza, en xeral os sometidos nas súas relacións xurídico-administrativas ó estatuto do persoal regulado no Acordo negociado de condicións de traballo e dereitos sindicais dos funcionarios da Deputación Provincial da Coruña.

b)Os que presten servizos nas fundacións e demais organismos autónomos con personalidade xurídica propia dependentes da Deputación provincial.

c)O persoal de alta dirección e administración de libre nomeamento.

d) O persoal contratado en réxime administrativo ou relacionado coa deputación por un contrato non laboral, sexa de natureza civil ou mercantil.

e)O persoal relixioso suxeito a concerto e non vencellado laboralmente coa deputación.

f)O persoal contratado en desenvolvemento de convenios ou con cargo a subvencións nas que interveñan outras Administracións, neste caso percibirán as retribucións correspondentes á subvención concedida.

g)Con carácter xeral, todas as persoas non incluídas no art. 1.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. presidente

Hai unha moción do Bloque Nacionalista Galego sobre unhas estradas no concello de Narón.

Sr. Rodríguez Doval

Como queira que entendo que tódolos membros da corporación coñecen o contido, dado que estamos na rolda de intervención para ver se se declara ou non de urxencia, obrigadamente teño que facer unha referencia ós puntos anteriores, concretamente ó 3, 4 e 5 porque é evidente que cando hai planificación e cando hai consenso evítanse debates sobre as singularidades, cando non hai planificación nin hai consenso, as singularidades teñen que aparecer.

A proposta que hoxe traemos aquí a pleno, eu creo que é o paradigma de como non deben de facerse as cousas. A principal estrada dun concello, máis nada e nada menos que de 33.000 habitantes, que é o concello de Narón, a principal estrada, unha das estradas que afecta ós núcleos, a un dos núcleos de máis habitantes, que xera un paso de peóns e tamén de vehículos enorme, non soamente da xente que viven naquel espazo xeográfico, senón doutras persoas da comarca que pasan por alí, é singular, neste aspecto. Esa principal estrada non tivo actuacións por parte desta deputación, que é a propietaria, na maioría dos seus treitos -porque é unha estrada que tamén está moi dividida, segundo por onde se mire,

pero en todo caso nos treitos maiores-, non tivo actuación por parte da deputación desde hai abondo tempo.

O concello de Narón, nunha sesión celebrada o 26 de abril de 2002 aprobou unha moción demandando á Deputación da Coruña, demandándolle a este organismo que, de cara ás actuacións futuras que se fagan en materia de estradas, priorícense, inclúanse as seguintes, e en concreto figura de primeira a estrada da Gándara, que é da que estamos falando hoxe aquí, que algúns denominan tamén estrada de Castela, porque nalgún dos seus tramos denomínase así, pero é o que se coñece comunmente como estrada da Gándara.

Ben, o Pleno do concello de Narón, por unanimidade, tódolos grupos, incluído o grupo que goberna tamén nesta deputación, o Partido Popular, acordan remitirle esa petición á deputación, supoño que para que, cando a deputación artelle propostas de actuación en materia de estradas, teña en conta as preferencias, as prioridades do concello de Narón, e tamén inclúa algunhas desas estradas, suponse que tamén pola prioridade da urxencia que teñen, que vai incluída nesa puntuación que lle deron, primeira, segunda, terceira, cuarte e quinta. Ben, é ben sabido que esta deputación, con posterioridade a esa data, ó mes de abril, aprobou en concreto o 14 de xuño, unha programación plurianual 2002-2005, que se denomina programación de actuación na rede de estradas provinciais, que non inclúe, non é soamente que non inclúe como prioritarias, senón que nin sequera inclúe como parte dese total, desa relación de obras, o que para o concello de Narón, o que para a cidadanía do concello de Narón é prioritario. E hoxe estamos aquí na Deputación da Coruña cunha proposta singular que eu tamén pediría que se lera nos seus xustos termos, porque é evidente que non implica máis que rebobinar entre comiñas, a actuación que fixo a Deputación da Coruña, e contemplar algo que parece que baseados no senso común, hai que facer. Nese senso, a proposta que se fai aquí é, e leo: “Realizar os trámites necesarios para elaborar o proxecto de renovación de firme, construción de beirarrúas e seguridade vial da estrada da Castela, da estrada da Gándara, incorporando incluso a relación de obras do Programa de actuación da rede de estradas provinciais 2002-2005, e favorecendo a maior urxencia á hora de execución do citado proxecto. “Incluimos tamén un segundo punto que pretende que se faga un estudio a maiores sobre o conxunto da rede viaria nese concello, que é un dos máis grandes da provincia da Coruña tamén, como se sabe, despois das grandes cidades, pero en calquera caso o punto principal e o núcleo deste debate, o fundamental, é que se incorpore unha obra que a cidadanía, o concello de Narón, priorizou e que nin sequera figura incluída aquí.

Termino dicindo que para o meu abraio, abraio positivo, supoño que iso quererá dicir que a proposta do BNG estaban ben orientada, porque a fin de contas non ten cor política, é unha proposta que non corresponde a unha reclamación de carácter político e partidario, segundo leo nalgún medio de comunicación local da comarca de Ferrol, parece ser que esa obra vaise abordar, entón eu pediría que de abordarse, dígaseme con cargo a

que se vai abordar, porque nin no Plan de vías provinciais, nin nesta programación plurianual figura, acabamos de aprobar unha anualidade de vías provinciais onde non se inclúe, e hai unha relación 2002-2005 onde nin sequera figura, entón que se me diga se vai facer igual có monumento ós náufragos, cunha subvención de carácter particular, supoño que non. Polo tanto, nosoutros pediríamos o voto favorable á nosa moción onde o único que se pide é que se reconsidera a actuación inicial, e naturalmente que unha vía necesaria e urxente como é a estrada da Gándara, arránxese, adecúese canto antes para favorecer o menor perigo, tanto para peóns como para os vehículos que transitan por esta vía. Moitas grazas.

Procédese a votar a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 3 deputados (BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Sr. presidente

Polo tanto, pasa á Comisión de Vías e Obras. ¿Quere dicir algunha aclaración, independentemente de que vaia a pasar á Comisión de Vías e Obras, Sr. Pose?

Sr. Pose Miñones

Simplemente para poder aclarar, porque eu creo que nin sequera ten moito senso o tema desta moción. Destas necesidades formuladas, que coinciden coas que formula normalmente o Concello de Narón, estanse executando neste momento a obra que é a travesía das Xubias, vén a ser a provincial 5404 do 0 deica o 540, coincide coa estrada que eles denominan nesta moción como estrada do 13. Estamos en fase de redacción de proxecto e que corresponde á travesía de Lóngaras, que forma parte tamén da estrada provincial 36 a 14, que aparece nesa relación. A estrada da Gándara ata a entrada de Faíscas está incluída na programación 2002-2005, e a estrada que está denominada como E.P. 5401 de Narón a Val do Castro, coincide coa estrada denominada “Estrada de San Xiao a Narón”, que neste momento está incluída para expropiar.

Así que creo que aquí, practicamente en todo canto están reclamando, témolo incluído e está, ou ben en fase de proxecto ou de expropiación, ou estase executando.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Santiago López

Sabemos que a estas alturas moitos dos pagamentos das subvencións do ano pasado ás entidades aínda non está realizado, hai escasamente quince días que terminou o prazo de solicitude para este ano e parece, cando menos, estraño, que aínda isto non estea solucionado. A nosa pregunta é cando se empezan a pagar estas subvencións e que entidades son as que restan por recibir a subvención que lles corresponde do ano pasado.

Sr. presidente

Ben, infórmame ademais o Sr. interventor de que dentro de dez días, quince días, estarán pagadas tódalas subvencións que cumbran tódolos requisitos do ano 2002.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remátase a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.